

ONCOLOXÍA. O SERGAS ENTRÉGASE Á MISERIA

Nota de prensa da Xunta de Persoal. Remitida aos medios o 4 de xuño de 2013:

A XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA esíxelle ao SERGAS que amplíe nun ano o período de residencia dos actuais MIR galegos de Oncoloxía Médica, requisito imprescindible para que o seu futuro título de especialistas poidan ser homologábel na Unión Europea.

O período de residencia desa especialidade estaba establecido no Estado Español de 4 anos, malia que en repetidas ocasións as Sociedades Científicas e a Comisión Nacional da especialidade, tiñan reclamado a ampliación dese período formativo a 5 anos, argumentado que a complexidade da especialidade ten sufrido un forte incremento, tanto pola expansión do seu campo asistencial como polos grandes avances tecnolóxicos e farmacolóxicos que se deron nas últimas décadas.

Nesta situación, a Unión Europea (UE) aprobou o Regulamento (UE) Nº 213/2011 da Comisión de 3 de marzo de 2011 polo que se modifican os anexos II e V da Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Nesta norma se estableceu que, para obter a homologación europea do título de Especialista en Oncoloxía Médica, a duración mínima do seu período formativo debía ser de 5 anos.

Para mellorar a formación dos MIR de Oncoloxía Médica e, paralelamente, conseguir a homologación europea do título de especialista, aprobouse e saíu publicada no BOE a “Orden SSI/577/2013, de 5 de abril, por la que se aprueba y publica el programa formativo de la especialidad de Oncología Médica y los criterios de evaluación de los especialistas en formación”, na que se amplía o período da residencia da especialidade até os 5 anos. Porén, nesa norma legal, establécese que o novo programa formativo e a ampliación da duración da residencia só terá carácter obrigatorio para os MIR que accedan en 2012 a prazas de formación sanitaria especializada (os actuais R-1), mentres que deixa nas mans das CCAA a decisión de incrementar o período formativo dos residentes actuais (R-2, R-3 e R-4), sendo preceptivo para facelo contar co apoio dos propios afectados, dos seus titores, os e das Comisións de Docencia correspondentes.

En Galiza todos os residentes galegos afectados, os seus titores, as Comisións de Docencia dos hospitais, os Xefes de Servizo de Oncoloxía Médica, e a Sociedade Científica correspondente, teñen solicitado ao SERGAS que asuma a ampliación por un ano dos contratos destes MIR, para que podan completar a súa formación e que o seu título de especialistas sexa homologábel a nivel europeo. Sen embargo, o SERGAS por motivos exclusivos de aforro económico puro e duro, manifestouse contrario a permitir que os actuais residentes de Oncoloxía Médica prolonguen nun ano o seu período de residencia.

As organizacións sindicais con representación nesta Xunta de Persoal, pedímoslle á Conselleira de Sanidade e ao Goberno Galego que reconsideren esa posición gravemente lesiva para os intereses dos residentes e os servizos de Oncoloxía Médica galegos.

María Jesús Seijo García. Presidenta da Xunta de Persoal da Área sanitaria de A Coruña

[Resolución XUNTA DE PERSOAL 2013 1 4xuño 2013.pdf](#)